



IDEAS PARA AS **Festas** **Navideñas**

CON ESTES XOGOS FAVORECEREMOS
A EXPRESIÓN ORAL E A COMPRENSIÓN

añmal

Raquel Arca García.

IDEAS PARA AS Festas Navideñas

CON ESTES XOGOS FAVORECEREMOS A EXPRESIÓN ORAL E A COMPRENSIÓN



CONVERSAS COTIÁS E RUTINAS

- Falar das emocións: "Como te sentiches hoxe?", "Que foi o que máis che gustou?"
- Describir o que fan mentres xogan, cociñan ou se visten.
- Ex.: "Agora poño o abrigo, ¿e ti que pos?"
- Xogos de elección: "Queres o vaso azul ou o vermello?", "Prefires cantar ou contar un conto?"



CONTA CONTOS INTERACTIVOS

Ler contos curtos e facer preguntas abertas:

- "Que cres que vai pasar agora?", "Onde está escondido o boneco?"
- Inventar finais diferentes.
- Poñerlle voz aos diferentes personaxes.



MÚSICA, RIMAS E MOVEMENTO

- Cantar panxoliñas ou cancións con repeticións e xestos.
- Xogar a seguir ritmos ou completar frases de cancións.
- Pequenas coreografías imitar sons de animais, vehículos, vento...



SAÍDAS AO EXTERIOR

- Falar do que ven: luces, árbores, cores, sons.
- Pequenas misións: "Busca algo vermello", "Escoita un son e dime cal é".



XOGOS DE ADIVIÑAS SINXELAS

- Adiviñas sobre animais, alimentos ou cousas da casa.
- Xogos tipo "Estou pensando en..." cunha pista moi simple: cor, tamaño, onde está...
- Pódese xogar no coche, camiñando pola rúa ou na casa.



XOGO SIMBÓLICO (O MELLOR ALIADO!)

- Xogar a tendas, médicos, superheroes, cociña...
- Participar facendo preguntas que fomenten a expresión: "Que vendes na túa tenda?", "Que precisa o paciente?", "Que imos cociñar?"



COCIÑAR EN FAMILIA

- Deixarlles participar dando instrucións curtas: "Remexe", "Bota fariña", "Colle a culler".
- Preguntar: "Que precisamos agora?", "Que imos facer despois?"



MANTER SEMPRE A DIVERSIÓN

- Frases curtas, sinxelas e claras.
 - Reforzar sempre cando falen: "Que ben o dixeches!", "Encántame escoitarte!"
- Non corrixir, senón modelar: se di "baubau gande", responder "si, é un CAN grande".

"Que estas vacacións vos regalen momentos de xogo, palabras compartidas e moitos descubrimentos xuntos.

A mellor aprendizaxe nace sempre da risa e da complicidade en familia."

Raquel Arca García.



¡FELICES FESTAS!

añmal